

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 28 DE XULLO DE 2025, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Proxecto de lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas adictivas.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Parada de Sil para a construción dunha liña de baixa tensión para subministración eléctrica ao mosteiro de Santa Cristina, por importe total de douscentos catorce mil douscentos setenta e cinco euros con vinte e oito céntimos (214.275,28 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Fundación Amare Terra para a posta en marcha da plataforma Terra Move destinada ao ecosistema deportivo galego, cun investimento de cincocentos sesenta mil euros (560.000,00 €).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio entre a Axencia Galega de Innovación e a Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, M.P. (CSIC) para o desenvolvemento de programas de I+D+i nos institutos de investigación do CSIC e nos centros oceanográficos do Instituto Español de Oceanografía (CSIC-IEO), centro nacional do CSIC, radicados na Comunidade Autónoma de Galicia no período 2025-2026, por importe dun millón douscentos cincuenta e sete mil euros (1.257.000,00 €), e que os pagamentos anticipados e a conta poidan acadar ata o 80 % da subvención concedida.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio entre a Axencia Galega de Innovación e a Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (FIDIS) para o desenvolvemento de programas de I+D+i no período 2025-2026, por importe de setecentos cincuenta e seis mil euros (756.000,00 €), e que os pagamentos anticipados e á conta poidan acadar ata o 80 % da subvención concedida.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio entre a Axencia Galega de Innovación e a Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica Galicia Sur para o desenvolvemento de programas de I+D+i no período 2025-2026, por importe de trescentos oitenta e nove mil euros (389.000,00 €), e que os pagamentos anticipados e á conta poidan acadar ata o 80 % da subvención concedida.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio entre a Axencia Galega de Innovación e a Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica INIBIC para o desenvolvemento de programas de I+D+i no período 2025-2026, por importe de cincocentos oitenta e nove mil euros (589.000,00€), e que os pagamentos anticipados e á conta poidan acadar ata o 80 % da subvención concedida.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio entre a Axencia Galega de Innovación e a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica para o desenvolvemento de programas de I+D+i no período 2025-2026, por importe de cento corenta mil euros (140.000,00 €), e que os pagamentos anticipados e a conta poidan acadar ata o 80 % da subvención concedida.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se declara proxecto industrial estratéxico o proxecto de ampliación dunha planta de fabricación de vehículos especiais todo terreo, no concello de Valga (Pontevedra), promovido por URO Vehículos Especiales, S.A.
- Acordo polo que se autoriza a eximir da constitución de garantías no pagamento a conta derivado da Resolución pola que se da publicidade do acordo do Consello de Dirección do Igape que aproba as bases reguladoras das axudas para mellorar a preparación dixital fronte a ameazas cibernéticas nas empresas galegas, programa "Empresa Cibersegura 2025", e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 en réxime de concorrência non competitiva, por un importe total dun millón cincocentos mil de euros (1.500.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a eximir da constitución de garantías ás entidades homologadas que participarán na xestión das axudas derivadas da Resolución pola que se da publicidade do acordo do Consello de Dirección do Igape que convoca o procedemento de homologación das entidades proveedoras para a prestación de servizos de ciberseguridade ás empresas galegas no marco do programa "Empresa Cibersegura 2025".

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se toma razón da licitación pola Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S.A., do contrato de redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra para a construción de 78 vivendas de promoción pública (VPP), na parcela 1(S-15) da rúa Agriños do Concello de Ames (A Coruña), por un importe de licitación de seiscientos sesenta e dous mil douscentos setenta e catro euros con oitenta e oito céntimos (662.274,88 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de cooperación entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello do Pino, para a execución das obras de humanización da rúa Forcarei e a rúa dos Mollaos, por un importe de seiscientos cinco mil sesenta e cinco euros con corenta e nove céntimos (605.065,49 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da Subministración sucesiva de guías de presión para avaliación da fisioloxía coronaria, catéteres diagnósticos para ecografía intracoronaria e adquisición de licenzas de software QFR, así como a posta á disposición do equipamento necesario e o seu mantemento para a realización de procedementos diagnósticos hemodinámicos e intervencionistas coronarios con destino ás áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, tramitado co nº de expediente SI-ASV1-25-035, para un período de tres anos de contrato mais dous anos de prórroga e cun valor estimado de sete millóns catrocentos sete mil seiscientos corenta e seis euros con corenta céntimos (7.407.646,40 €) e un orzamento total de licitación de catro millóns oitocentos un mil setecentos corenta e dous euros con vinte e dous céntimos, IVE engadido (4.801.742,22 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, LIGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello de Abegondo para equipamento das instalacións do "Pazo da Cultura Os Loureiros", por importe de douscentos corenta mil cento setenta e dous euros con dous céntimos (240.172,02 €).
- Acordo polo que se autoriza a realización do pago anticipado de ata o 85% da subvención concedida, en relación coa orde pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca a subvención, en réxime de concorrência competitiva e por tramitación anticipada, dirixida a entidades de acción voluntaria e entidades locais de Galicia para a elaboración e execución de proxectos de voluntariado interxeracional no medio rural vinculados co proxecto piloto Talento Interxeracional no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia – financiado pola Unión Europea– NextGenerationEU, para o ano 2026, por importe total de seiscientos trinta mil euros (630.000,00 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración a superar a porcentaxe en pagamentos anticipados, con respecto da Orde pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro e se procede á convocatoria para o ano 2025, por un importe de oito millóns oitocentos vinte e catro mil catrocentos setenta e tres euros con oito céntimos (8.824.473,08 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería do Medio Rural e a Federación de Razas Autóctonas de Galicia (Boaga), para continuar coa execución das actividades de conservación, desenvolvemento e utilización sostible dos recursos zootécnicos das razas bovinas autóctonas galegas en perigo de extinción, da Ovella Galega, Cabra Galega, Galiña de Mos, e dos seus produtos derivados, fomentando o uso comercial destes, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Plan estratéxico da política agraria común 2023_2027, por un importe dun millón sesenta e oito mil douscentos cincuenta euros (1.068.250,00 €), e para a exención de garantías nos pagamentos a conta, de conformidade co artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (Inorde), para continuar coa execución de determinadas actividades de conservación ex situ dos recursos zootécnicos autóctonos de Galicia en perigo de extinción, destinadas ás razas Ovella Galega, Cabra Galega e Porco Celta, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Plan estratéxico da política agraria común 2023_2027, por un importe de trescentos noventa e dous mil setecentos euros (392.700,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería do Medio Rural e a Asociación Nacional de Criadores de Raza Rubia Galega (Acruga), para continuar coa execución dun programa para a consolidación e diversificación xenética da raza Rubia Galega, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Plan estratéxico da política agraria común 2023_2027, por un importe de catrocentos setenta e cinco mil cincocentos euros (475.500,00 €), e para a exención de garantías nos pagamentos a conta, de conformidade co artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería do Medio Rural e a Asociación de Criadores da Raza Porco Celta (Asoporcel), para continuar coa execución de actividades de recuperación, conservación e fomento da raza porcina Porco Celta, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Plan estratéxico da política agraria común 2023_2027, por un importe de catrocentos trinta e seis mil oitocentos cincuenta euros (436.850,00 €), e para a exención de garantías nos pagamentos a conta, de conformidade co artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería do Medio Rural e a Asociación de Criadores de Cabalo de Pura Raza Galega (Puraga), para continuar coa execución das actividades de conservación, desenvolvemento e utilización sostible dos recursos zootécnicos da raza equina Cabalo de Pura Raza Galega, e o fomento e promoción dos seus produtos derivados, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Plan estratéxico da política agraria común 2023_2027, por un importe de cento noventa e un mil cincocentos euros (191.500,00€), e para a exención de garantías nos pagamentos a conta, de conformidade co artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería do Medio Rural e a Asociación Pura Raza Cabalo Galego (APRG), para continuar coa execución das actuacións destinadas á posta en valor das aptitudes do Cabalo de Pura Raza Galego (PRG) en actividades deportivas, de exposición e ocio, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Plan estratéxico da política agraria común 2023_2027, por un importe de cento trinta e oito mil cincocentos euros (138.500,00€), e para a exención de garantías nos pagamentos a conta, de conformidade co artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do encargo á Empresa de Transformación Agraria S.A., S.M.E.,M.P. (Tragsa) para a realización da Rede de camiños, canles de drenaxe e obras de paso da zona de reestruturación Parcelaria de Triabá (Castro de Rei – Lugo), cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da política agraria común (PEPAC) 2023-2027 por un importe total de catro millóns douscentos setenta e un mil trescentos un euros con noventa e cinco céntimos (4.271.301,95 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, o Instituto Enerxético de Galicia e o Concello de Cerdedo-Cotobade para a posta en marcha da fase I dunha rede de calor con caldeira de biomasa no concello de Cerdedo-Cotobade, por importe máximo de cincocentos dezaseis mil catrocentos corenta e dous euros con sesenta e tres céntimos (516.442,63 €).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda de modificación ao convenio entre o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, Portos do Estado, a Autoridade Portuaria de Vigo e a Consellería do Mar para facilitar a contribución económica ao programa de capacitación da iniciativa portos azuis da Organización das Nacións Unidas para a alimentación e a agricultura (FAO) e divulgar o apoio a dita iniciativa por importe de cento catorce mil oitenta euros (114.080 €).

INFORMES

CONSELLERÍA MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre o apoio dado aos concellos en materia de abastecemento e saneamento desde Augas de Galicia no ano 2025.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da declaración de emerxencia das obras para a reparación da cuberta no CEIP As Mercedes en Lugo, por un importe de cincocentos mil euros (500.000,00 €).
- Informe sobre a Fundación Galtia: balance de actuacións e folia de ruta.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre o Plan de melloras de infraestruturas da Amtega.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a aprobación provisional e próxima información pública do proxecto: variante de Carballo. Primeira fase, cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de vinte millóns dous centos cincuenta e cinco mil trescentos catro euros con sesenta e cinco céntimos (20.255.304,65 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a licitación dos proxectos de obra dos centros de saúde de Baltar (Sanxenxo) e Becerreá.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a convocatoria de axudas destinadas ás persoas mariscadoras afectadas pola paralización temporal en determinados bancos marisqueiros de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PROXECTO DE LEI QUE CONVERTERÁ GALICIA NA PRIMEIRA COMUNIDADE EN PROHIBIR O CONSUMO DE BEBIDAS ENERXÉTICAS E VAPEADORES A MENORES

- O presidente explica que agora se remitirá o texto ao Parlamento “co obxectivo de aprobala antes de finais de ano”
- Rueda salienta que Galicia situarase á vangarda na prevención ao “equiparar os vapeadores co tabaco e as bebidas enerxéticas co alcohol”
- Máis do 41 % de nenas e nenos de 14 anos fumaron algunha vez cigarros electrónicos
- O conselleiro de Sanidade resalta que se amplía a prohibición de fumar aos accesos dos centros administrativos, centros educativos e centros sanitarios, “nun radio de 50 metros, as marquesiñas de transporte ou as piscinas públicas”
- As sancións económicas previstas poderán substituírse por programas de cesación tabáquica ou de concienciación sobre os prexuízos do consumo de alcohol para incidir no labor preventivo ou, tamén, traballos en beneficio da comunidade

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello aprobou o proxecto de lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas adictivas, que converterá Galicia en pioneira na regulación da venda e consumo de vapeadores e bebidas enerxéticas. Con esta norma, explicou, a nivel de restricións “as bebidas enerxéticas quedarán equiparadas ao alcohol e os vapeadores ao tabaco”.

“Galicia vai ser a primeira comunidade de España na que se prohíba a venda e consumo destes produtos aos menores de idade”, resaltou Rueda.

O proxecto de lei aprobado hoxe polo Consello da Xunta incorpora diferentes achegas dos sectores implicados, de organismos públicos, de entidades sociais e da cidadanía e será agora remitido ao Parlamento de Galicia, co obxectivo de que “poida ser aprobado antes de que remate este ano”, indicou Rueda. “Trátase dunha norma necesaria, valente e ambiciosa coa que buscamos unha acción coordinada de toda a sociedade para protexer a saúde dos menores”, engadiu o conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño.

Desta forma, a Xunta é a primeira Administración en elaborar un proxecto normativo que abrangue todos os riscos de comportamento para os menores de idade, incluídos produtos emerxentes. Tal e como explicou o conselleiro parte dun enfoque integral e transversal, que aborda “tanto adicións con substancias como sen substancia (xogo, tecnoloxías...)” e combina a prevención, a promoción da saúde co control da oferta.

As medidas recollidas na Lei fundaméntanse na evidencia científica e en resultados da enquisa nacional Estudos elaborada polo Ministerio de Sanidade entre estudantes de Secundaria.

Segundo os datos do informe de 2023, con 14 anos o 41,5 % da cativada xa probou algunha vez os vapeadores. En concreto, o 45,9 % das nenas e o 37 % dos nenos e con maior porcentaxe nas rapazas de todas as idades. En cambio, o consumo de tabaco é

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

notablemente inferior, dun 17,2 % en nenas e nenos de 14 anos e tamén sempre superior no sexo feminino con respecto ao masculino.

Debido a que os cigarros electrónicos conteñen elementos tóxicos aínda sen ter nicotina, o Proxecto de lei prohibe a súa venda e consumo a menores.

Amplíase, ademais a prohibición de fumar aos accesos de centros da administración pública, centros educativos e sanitarios, nos que non se permite fumar, nun radio de 50 metros.

Para reducir o número de fumadores pasivos, “tampouco estará permitido fumar nas marquesiñas de transporte público nin nas piscinas de uso público”, indicou o conselleiro.

Riscos das bebidas enerxéticas en menores

As bebidas enerxéticas que conteñen 32 mg ou máis de cafeína por cada 100 ml e outros ingredientes estimulantes equivalen a beber tres cafés, o que se considera excesivo para menores. En adolescentes, inxestións superiores a 60 mg poden afectar o sono e, a partir de 160 mg, poden xurdir alteracións psicolóxicas e de comportamento, ademais de trastornos cardiovasculares.

Por este motivo Galicia será pioneira a nivel nacional na súa prohibición de venda e consumo por parte de menores, unha medida que tomaron polo de agora países europeos como Polonia ou Letonia.

Para contribuír á concienciación social sobre o contido destas bebidas, “os establecementos deberán situalas nun espazo separado con respecto aos refrescos”, indicou Gómez Caamaño.

O consumo destas bebidas é habitual entre a xuventude mesturado con alcohol, o que incrementa os riscos de coma etílico. Neste sentido, a Consellería de Sanidade establece que os servizos sanitarios solicitarán a presenza das familias do menor que teña que ser atendido por intoxicación provocada polo consumo dalgunha substancia psicoactiva proporcionándolle asesoramento e recursos de axuda preventivos e asistenciais.

No suposto de que sexa atendido por segunda vez, ofrecerase participar nun programa de axuda e recomendarase a participación do adulto responsable.

Con respecto ao alcohol, a Xunta incidirá no papel de exemplo cara á infancia que teñen os adultos e non estará permitida a venda en centros docentes, centros de lecer infantil e outros centros de recreo dirixidos a menores ou en recintos destinados a espectáculos públicos durante actividades dirixidas a este tipo de audiencia.

Prohíbese a promoción de bebidas alcohólicas en establecementos onde estea autorizado o consumo no propio local, mediante prácticas que inciten ao consumo excesivo ou descontrolado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, as máquinas expendedoras só poderán ofrecer bebidas alcohólicas cando dispoñan de sistemas que permitan acreditar a maioría de idade.

Foco na promoción da saúde

O Proxecto de lei incorpora como novidade a posibilidade de substituír as sancións pola participación en programas preventivos ou asistenciais como, por exemplo, programas de cesación tabáquica ou de concienciación sobre os prexuízos de beber alcohol, fumar ou consumir cánnabis, ou, tamén, traballos en beneficio da comunidade, preferentemente relacionados coa conduta infractora.

En liña coas suxestións recibidas por parte de organismos públicos, empresas dos sectores implicados, entidades sen ánimo de lucro e cidadanía, incídese na prevención no ámbito familiar, escolar, comunitario e sanitario.

En concreto, nos controis do programa de saúde infantil a partir dos 12 anos incorporaranse intervencións preventivas de cribado e intervención do consumo de alcohol, tabaco, cánnabis, bebidas enerxéticas e uso problemático das tecnoloxías dixitais.

No referente ás competencias das distintas administracións, o Proxecto de lei define as mesmas competencias para os entes locais que as establecidas na Lei de 2010 de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores e que foi pioneira a nivel estatal cando se permitía beber viño ou cervexa con menos de 18 anos. De feito, a nova norma traslada a competencia na imposición de sanción relativas ao botellón dos concellos aos departamentos territoriais de Sanidade.

Para garantir a coordinación institucional, crearase unha comisión en materia de prevención das adiccións en Galicia que estará integrada por responsables das áreas da Xunta competentes en materia de sanidade, educación, xogo, xuventude e protección da infancia, ademais das administracións locais e entidades sociais que realizan o seu labor no ámbito da prevención das adiccións, cos que se prevé asinar convenios de colaboración.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INCREMENTA O POTENCIAL TURÍSTICO DA RIBEIRA SACRA MELLORANDO O SERVIZO ELÉCTRICO DO MOSTEIRO DE SANTA CRISTINA DE RIBAS DE SIL

Dotarase dunha nova liña de baixa tensión e dun centro de transformación elevador na contorna do edificio declarado ben de interese cultural desde 2029

O Consello da Xunta aprobou un novo convenio a través do que se contribuirá a mellorar a subministración eléctrica do mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil. O acordo recolle a colaboración entre Turismo de Galicia e o Concello de Parada de Sil para a construción dunha liña de baixa tensión, a través da que se amplificará a potencia eléctrica que recibe este conxunto.

Segundo recolle o convenio, a actuación encádrase dentro das medidas destinadas á posta en valor do patrimonio cultural existente e á súa difusión, así como de potenciación do turismo, o que implica a realización de obras de mantemento como a que se propón. En concreto, está prevista a construción dunha liña de baixa tensión que irá en condución subterránea desde a aldea de Castro ata a parcela na que está situado o mosteiro.

O proxecto inclúe a instalación dun centro de transformación elevador na saída da aldea, para evitar que se produzan caídas de tensión elevada debido á lonxitude da liña. Desde aí, a enerxía transportarase ata outro novo transformador redutor, que se pretende instalar nas proximidades do mosteiro, que reducirá novamente a tensión para a subministración tanto ao mosteiro como a outras posibles instalacións na súa contorna.

O convenio establece que a Xunta colaborará na iniciativa a través dunha subvención que se prevé que cubra o 100 % das actuacións. Trátase, en concreto, dunha achega económica por un importe total de 214.275,28 €.

O mosteiro beneditino de Santa Cristina de Ribas de Sil constitúe un dos principais exemplos de arquitectura románica da Ribeira Sacra, atopándose as primeiras mencións documentais á súa construción a finais do século X. Desde o ano 2009 ten a consideración de ben de interese cultural.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA A CREACIÓN DUNHA NOVA PLATAFORMA PARA FACILITAR E ASESORAR AOS CLUBS DEPORTIVOS Á HORA DE FACER CAMPAÑAS DE MECENADO

- Rueda salienta que se busca dar visibilidade ás necesidades do ecosistema deportivo e apoiar especialmente ao deporte base e minoritario
- Será a través dun convenio coa Fundación Amare Terra e contará cun investimento de 560.000 €

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello acordou a creación dunha nova plataforma -Terra Move- para que clubs e federacións deportivas de Galicia lancen campañas de mecenado coas que obter materiais ou recursos necesarios para os seus proxectos. Unha medida que se enmarca no “impulso da Xunta á práctica deportiva, especialmente do deporte base”, nun dos “mellores momentos do deporte galego”.

Será a través dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Fundación Amare Terra e contará cun investimento de 560.000 euros. A Xunta de Galicia achegará o 45 % (250.000 euros) do investimento total durante as anualidades de 2025, 2026 e 2027, nas que se desenvolverá a plataforma ata a súa consolidación e proxección.

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes a través da Secretaría Xeral para o Deporte participa neste proxecto co obxectivo de poñer en marcha e consolidar un novo modelo de apoio ao deporte de base e minoritario, a través do apoio estratéxico e financeiro, impulso oficial e difusión institucional. Neste sentido, a colaboración con Amare Terra resulta esencial xa que, tal e como sinalou o titular do Executivo galego, esta fundación destaca pola promoción das especialidades deportivas con menor visibilidade e menores recursos, fomentando actividades deportivas inclusivas, integradoras e non discriminatorias, así como os valores e ideais que definen o olimpismo e o parolimpismo, co obxectivo da transformación positiva da sociedade galega.

Entre as principais liñas de traballo de Amare Terra atópase o *fundraising* solidario para o deporte e proxectos de interese xeral. Trátase dunha acción ampla que impulsa e desenvolve un mecenado e colaboración para o fortalecemento das entidades do noso ecosistema deportivo, educativo e social, facéndoo dun xeito innovador, participativo e sostible.

O presidente apuntou que esta acción de mecenado deportivo galego desenvólvese mediante ‘Terra Move’, unha ferramenta dixital que facilita, de xeito gratuíto e solidario, a captación de fondos por parte de clubs, federacións e entidades do ecosistema deportivo galego, así como tamén de entidades culturais, educativas e sociais, para os proxectos de interese común que estes promovan a través da plataforma.

Rueda explicou que as entidades interesadas deberán rexistrarse na plataforma e “recibirán asesoramento para deseñar campañas coas que captar fondos ou material”. A

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

plataforma servirá para dar visibilidade as necesidades do ecosistema deportivo, especialmente dos clubs máis pequenos, e tamén “canalizará as doazóns”. De feito, cada entidade recibirá de xeito directo os fondos e recursos que se recaden como doazóns para as súas respectivas campañas. Pola súa banda, os cidadáns ou empresas que realicen doazóns a través da plataforma poderán beneficiarse das deducións fiscais previstas na lexislación española.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ MÁIS DE 3 M€ A APOIAR A I+D+I DE 10 FUNDACIÓNS SANITARIAS E CENTROS DO CSIC EN GALICIA

O Consello autoriza financiar os gastos estruturais destes centros para potenciar as súas liñas estratéxicas de investigación e para promover a súa excelencia

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscrición dunha serie de contratos programa entre a Axencia Galega de Innovación e catro fundacións de investigación sanitaria galegas e o Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) en Galicia para sufragar durante o bienio 2025-2026 os seus gastos estruturais. En concreto, a Xunta de Galicia destina 3,1 millóns a este fin: 1,87 millóns de euros ás fundacións e 1,26 millóns de euros a seis centros do CSIC na nosa Comunidade.

Estas axudas contribúen a potenciar as liñas de investigación destas entidades para avanzar na súa excelencia científica e na posta en valor do coñecemento que xeran. Ademais, favorecen a formación, captación e retención de talento, o fomento da participación e captación de fondos dos programas europeos de I+D+i, e a protección, valorización e transferencia dos resultados de investigación, en liña cos obxectivos marcados no Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

Desde a posta en marcha desta liña de apoio, no ano 2013, e ata 2026, a Xunta de Galicia destinará 20,2 M€ a apoiar os gastos estruturais destas entidades, ademais doutras vías de financiamento en concorrência competitiva.

Os centros beneficiados

Os centros que se benefician desta axuda son as fundacións de investigación sanitaria Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica (INIBIC) na Coruña, a Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica Galicia Sur en Vigo, a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica e a Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria, ambas en Santiago de Compostela (FIDIS), así como os seis centros do CSIC en Galicia: a Misión Biolóxica de Galicia en Salcedo (Pontevedra), o Instituto de Investigacións Mariñas e o Centro oceanográfico en Vigo, o Centro oceanográfico da Coruña, o Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento e o Instituto de Ciencias do Patrimonio, ambos en Santiago.

A repartición dos fondos faise atendendo aos resultados obtidos por cada entidade de acordo cunha serie de indicadores de actividade (publicacións indexadas, proxectos de investigación captados, facturación por vendas ou servizos prestados, persoal a cargo de programas públicos de recursos humanos, patentes solicitadas e concedidas, etc.) e recolle un anticipo do 100 % dos fondos previstos para 2025 e do 50 % da axuda para 2026.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA PROXECTO INDUSTRIAL ESTRATÉXICO A AMPLIACIÓN DA PLANTA DE UROVESA EN VALGA

- Vai supoñer un investimento de máis de case 52 M€, a creación dun cento de postos de traballo directos e prevese que estea en funcionamento en 2029
- As novas instalacións, destinadas á fabricación de vehículos especiais todoterreo para uso militar ou industrial, ocuparán unha superficie de máis de 100.000 m²
- Constarán dunha nave de dúas plantas dividida en varias áreas que van incluír, entre outras cousas, un almacén robotizado, zonas de pintura, montaxe e pre-montaxe, unha pista de probas, unha escola de pilotos e un centro de visitantes-museo
- Con esta ampliación poderá acometer proxectos de series máis longas, ou de produtos de maior dimensión
- Urovesa é provedora das Forzas Armadas de España desde 1984 e na actualidade traballa en 30 países

O Consello da Xunta aprobou hoxe como proxecto industrial estratéxico a ampliación da planta de Urovesa en Valga (Pontevedra), que vai supoñer un investimento de máis de 51,7 millóns de euros, a creación dun cento de postos de traballo directos e que se prevé que estea en funcionamento en 2029.

As novas instalacións, destinadas á fabricación de vehículos especiais todoterreo para uso militar ou industrial, ocuparán unha superficie de máis de 100.000 m² e constarán dunha nave de dúas plantas dividida en varias áreas que van incluír, entre outras cousas, un almacén robotizado, zonas de pintura, montaxe e pre-montaxe, unha pista de probas, unha escola de pilotos e un centro de visitantes-museo co que se busca preservar e difundir a traxectoria da empresa.

Actualmente Urovesa dispón de 12.000 m² no polígono do Tambre, en Santiago de Compostela, para actividades de apoio post venda, con talleres de reparación, almacén de recambios e oficinas administrativas. En Valga (Pontevedra), no lugar da Torre, conta cunha superficie de 39.000 m² con oito semiliñas de ensablaxe, zonas de pintura, almacén e oficinas administrativas. Agora, coa ampliación, poderá acometer proxectos de series máis longas, ou de produtos de maior dimensión.

URO, Vehículos Especiales S.A., é unha empresa provedora das Forzas Armadas de España desde 1984 que na actualidade traballa en 30 países. É de capital 100 % privado e nacional, por iso mantén a súa capacidade de decisión estratéxica en España. Non fabrica baixo licenza, senón que diseña o seu propio produto, o que lle confire unha independencia total en canto á propiedade intelectual así como dos compoñentes máis relevantes. O pasado ano facturou máis de 122 millóns de euros.

Trátase dunha compañía que vai ser un actor fundamental dentro da Estratexia de seguridade, defensa e aeroespazo aprobada pola Xunta.

16 proxectos industriais estratéxicos

Este é o décimo sexto proxecto industrial estratéxico declarado pola Xunta de Galicia. En conxunto, todos eles suman unha mobilización global de case 2.500 millóns de euros

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

e máis de 4.500 empregos. De acordo co previsto na normativa reguladora desta figura, estes proxectos serán agora tramitados, para a súa aprobación, de forma conxunta, prioritaria e urxente pola Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético da Consellería de Economía e Industria.

Os proxectos declarados estratéxicos son: H2Pole, o centro de produción de hidróxeno verde promovido por Reganosa e EDP Renovables nas Pontes (A Coruña); a fábrica de pneumáticos de Sentury Tire tamén neste concello; a planta de metanol verde en Mugardos (A Coruña) de Forestal del Atlántico; así como a de fibras téxtiles de Altri en Palas de Rei (Lugo); a planta de biofibra reciclada de Ence nas Pontes; a de hidróxeno renovable de Naturgy, Repsol e Reganosa en Cerceda (A Coruña); as instalacións de envasado e manipulación de peixe proxectadas por Stolt Sea Farm en Rianxo (A Coruña); o proxecto de extracción de cobre nos concellos do Pino e Touro promovido por Cobre San Rafael; a planta de xeración, almacenamento e distribución de hidróxeno verde de AccionaPlug en Arteixo; o proxecto dun centro de procesamento de datos no concello de Curtis (A Coruña), impulsado por Galicia Green Data Center; a planta de produción de carbón vexetal de Xeal en Dumbría (A Coruña); a terminal de almacenamento de betume asfáltico, no porto de Vilagarcía de Arousa, de Betunes Gallegos, S.L.U.; a factoría de biometano impulsada por Norbiogas Biometanol no polígono industrial de Curtis; a nova planta de produtos do mar conxelados de Congalsa, na Pobra do Caramiñal (A Coruña); e a que proxecta Nueva Pescanova en Arteixo (A Coruña).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PROMOVE A PROTECCIÓN DO TECIDO EMPRESARIAL GALEGO CUN PIONEIRO PROGRAMA DE AXUDAS Á CIBERSEGURIDADE DOTADO CON 1,5 M€

- A nova liña facilitará a adopción de solucións técnicas avanzadas e a mellora da preparación dixital nas empresas galegas permitindo incrementar a súa capacidade de prevención, detección e resposta ante riscos no contorno dixital
- As axudas, en réxime de concorrência non competitiva, cubrirán o 75 % do custo de servizos especializados, como a avaliación de riscos, a implantación de solucións técnicas e a mellora de procedementos internos
- O pagamento farase directamente ao provedor homologado, sen que a empresa teña que adiantar custos, e permitirase un pagamento a conta de ata o 50 % da subvención concedida
- Entidades colaboradoras serán as encargadas de executar as actuacións subvencionables e actuar como enlace coa empresas beneficiarias

O Consello da Xunta de Galicia aprobou un novo programa para reforzar a seguridade dixital das empresas galegas. Trátase da convocatoria de axudas "Empresa Cibersegura 2025", dotada cun orzamento inicial de 1,5 millóns de euros, destinada a mellorar a preparación fronte a ameazas cibernéticas a través da implantación de solucións técnicas e organizativas prestadas por entidades especializadas e previamente homologadas.

A iniciativa, impulsada pola Consellería de Economía e Industria a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), ten como obxectivo promover a cultura da ciberseguridade no tecido produtivo galego e facilitar o acceso a servizos avanzados para que as empresas gañen en confianza, capacidade de resposta e posicionamento nun mercado crecente en exixencias de seguridade dixital.

As axudas, cun modelo áxil de concesión directa e sen necesidade de adiantar fondos, estarán dispoñibles para todo tipo de empresas. Así mesmo, tramitaranse en réxime de concorrência non competitiva, permitirán financiar ata o 75 % do custo dos servizos contratados, cun tope máximo de 30.000 euros por empresa, e poderase autorizar un pagamento a conta de ata o 50 % da subvención sen que a beneficiaria teña que adiantar o custo do servizo solicitado. Os servizos serán prestados por provedores homologados, garantindo a calidade, a seguridade e a eficacia das actuacións.

As accións subvencionables abarcan desde un diagnóstico inicial da madurez dixital e os riscos de ciberseguridade, ata a execución de itinerarios técnicos especializados en contornos cloud (IaaS), tecnoloxías da información (ITaaS) ou tecnoloxías operativas industriais (OTaaS). Inclúense tamén servizos de hacking ético, campañas de sensibilización, asistencia na implantación de estándares de calidade e seguridade, e mesmo a contratación de servizos estratéxicos neste campo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Homologación dos provedores

O procedemento de homologación dos provedores permitirá garantir a solvencia técnica, a experiencia acreditada e a capacidade operativa das entidades participantes, asegurando que as empresas galegas reciban un apoio de calidade e adaptado ás súas necesidades.

“Empresa Cibersegura 2025” supón un paso decisivo na modernización e protección do tecido empresarial galego fronte aos riscos crecentes do contorno dixital. A publicación oficial da convocatoria realizarase nas vindeiras semanas e, unha vez homologadas as entidades proveedoras, as empresas poderán solicitar as axudas ata o 15 de novembro de 2025.

Con esta medida, a Xunta reafirma o seu compromiso coa modernización económica, o impulso á innovación empresarial e a protección do interese xeral da cidadanía galega, especialmente no contexto actual de transformación dixital e crecente exposición a riscos tecnolóxicos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DÁ LUZ VERDE Á LICITACIÓN DA REDACCIÓN DO PROXECTO PARA CONSTRUÍR 78 VIVENDAS PÚBLICAS EN AGRIÑOS, NO CONCELLO DE AMES

- A Sociedade de Vivenda Pública de Galicia licitará a redacción de proxecto e dirección de obra para estas vivendas, que se construírán na parcela 1(S-15) da rúa Agriños cedida polo Concello, e cuxa execución suporá un investimento de máis de 14,8 M€
- En conxunto, o obxectivo é acadar 218 novas vivendas nos solos cedidos en Ames, para o que se estima un investimento de arredor de 41 M€
- O Goberno galego, mantén o ritmo de traballo no obxectivo de acadar o reto de chegar ás 4.000 novas vivendas protexidas nesta lexislatura, tendo xa en marcha neste momento, máis de 2.800 vivendas en distintas fases de execución

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación, por importe de 662.274 euros, da redacción do proxectos básico e de execución e dirección de obra para a construción de 78 vivendas de promoción pública en solo cedido polo Concello de Ames, na zona de Agriños.

A Xunta, a través da Sociedade de Vivenda Pública de Galicia (Vipugal), licitará este novo contrato proximamente e os técnicos ou empresas adxudicatarias terán un prazo de cinco meses para a elaboración dos proxectos, desde a súa sinatura.

Trátase de construír 78 vivendas protexidas, garaxes e rochos na parcela 1(S-15) da rúa Agriños, que ten unha superficie de 1.725 metros cadrados, e foi cedida gratuitamente polo administración local. O investimento estimado na execución das obras superará os 14,8 M€.

A Xunta avanza coa licitación deste contrato, tras asinar o pasado 20 de xuño co Concello de Ames o convenio coa Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, que acadou esta parcela en Agriños. Ademais desta parcelas, a Xunta tamén acordou a cesión de solo municipal para a construción doutras 140 vivendas protexidas en Galdrachán, cuxo proxecto de redacción serán tamén licitados nas vindeiras semanas.

En conxunto, o obxectivo do Executivo autonómico é sumar 218 novas vivendas de promoción pública neste municipio coruñés, que suporán un investimento estimado da Xunta de arredor de 41 millóns de euros.

Esta nova contratación segue a folla de ruta do Goberno galego de duplicar o parque público residencial na comunidade, formando o Concello de Ames parte da rede de localidades que xa colaboran coa Xunta na cesión de solo para o desenvolvemento de vivenda pública. Esta rede inclúe concellos como Pontevedra, Lugo, Teo, Lalín, A Estrada, A Coruña ou Vilagarcía de Arousa, listaxe que a Administración autonómica espera seguir incrementando en máis municipios co colaboración das entidades locais.

En conxunto, Galicia ten en marcha máis de 2.800 vivendas públicas en diferentes fases de execución. O obxectivo marcado polo Goberno galego nesta lexislatura é pasar das

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

4.000 ás 8.000 vivendas de promoción pública, e a Xunta avanza cara a esa meta apoiándose en fondos europeos, na industrialización do sector da construción e na aposta pola sostibilidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORA CO CONCELLO DO PINO PARA A HUMANIZACIÓN DAS RÚAS FORCAREI E DOS MOLLAOS, NA QUE SE INVESTIRÁ 605.000 €

- A intervención suporá o acondicionamento destas dúas rúas situadas no núcleo do Pedrouzo, mellorando os accesos e os servizos e dotacións municipais, nesta entorna de paso do Camiño de Santiago
- O Goberno galego, a través da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, asume o 70 % do orzamento, case 424.000 €, contratará e executará as obras
- O Concello achega o 30 % restante, elaborará o proxecto e realizará a xestión para posibilitar a execución das obras, que incorporará ao patrimonio público municipal
- A execución destas obras enmárcase nas medidas e liñas de colaboración do Plan Hurbe, un programa impulsado polo Goberno galego co se contribúe a promover o desenvolvemento dos núcleos rurais da comunidade, como motores de dinamización

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración co Concello do Pino para a humanización da rúa Forcarei e a rúa dos Mollaos, na que se investirá algo máis de 605.000 euros.

A través desta colaboración, trátase de acondicionar estas dúas rúas situadas no núcleo urbano do Pedrouzo, mellorando os accesos e os servizos e dotacións municipais, nesta entorna de paso do Camiño de Santiago. En concreto, a rúa dos Mollaos presenta un elevado tránsito de peregrinos, xa que en ela atópanse 3 aloxamentos que dan servizo a estes.

En relación ás obrigas dispostas nesta colaboración, a Xunta, a través da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, asumirá o 70 % do orzamento, case 424.000 euros, e contratará e executará as obras.

Pola súa banda, o Concello do Pino achegará o 30 % restante do custe das obras, preto de 182.000 euros; así como a redacción do proxecto, a realización das xestións pertinentes para posibilitar a execución das obras, e asumir a explotación, mantemento e conservación das actuacións que se leven a cabo.

O convenio autorizado hoxe polo Executivo autonómico, que permitirá acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as actuacións, producirá efectos a partir da data da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro de 2026.

A execución destas obras enmárcase nas medidas e liñas de colaboración do Plan Hurbe, coas que a través da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas se contribúe a promover o desenvolvemento das vilas e núcleos rurais da comunidade autónoma como motores de dinamización que permiten achegar o modelo urbano a todo o territorio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A colaboración entre este departamento e o Concello do Pino, enmárcase na continuada colaboración entre o Goberno galego e as entidades locais para a execución de obras e outras actuacións en materia de urbanismo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A COMPRA DE EQUIPAMENTO PARA A REALIZACIÓN DE PROCEDEMENTOS DIAGNÓSTICOS HEMODINÁMICOS E INTERVENCIONISTAS CORONARIOS NO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE POR IMPORTE DE 4,8 M€

- O contrato ten unha vixencia inicial de tres anos, prevendo unha posible prórroga por dous anos máis
- Trátase da primeira contratación centralizada deste tipo de material, coa que se prevé un aforro de 409.000 euros para os cinco anos de vixencia máxima do contrato
- Os avances técnicos dos últimos anos permitiron contar con novos dispositivos diagnósticos e terapéuticos nos servizos de hemodinámica

O Goberno galego autorizou na súa reunión de hoxe a compra de equipamento para a realización de procedementos diagnósticos hemodinámicos e intervencionistas coronarios no Servizo Galego de Saúde por importe de 4,8 millóns de euros.

O obxectivo deste contrato é a subministración sucesiva de guías de presión para a avaliación da fisioloxía coronaria, catéteres diagnósticos para ecografía intracoronaria e licenzas de software, así como a posta á disposición do equipamento necesario e o seu mantemento para a realización de procedementos diagnósticos hemodinámicos e intervencionistas coronarios.

O contrato prevé unha duración inicial de tres anos, prevendo unha posible prórroga por dous anos máis. Neste caso, o valor estimado do contrato acada os 7,4 millóns de euros.

Trátase da primeira contratación centralizada deste tipo de material, coa que se prevé un aforro estimado en 409.000 euros para os cinco anos de vixencia máxima que prevé o contrato.

Avances técnicos

Cada ano morren máis persoas por algunha enfermidade cardiovascular que por calquera outra causa, sendo a máis común a arteriopatía coronaria, que afecta os vasos sanguíneos que abastecen o músculo cardíaco.

Os avances técnicos dos últimos anos permitiron contar con novos dispositivos diagnósticos e terapéuticos nos servizos de hemodinámica.

As guías intracoronarias de presión son dispositivos médicos utilizados en cardioloxía intervencionista para avaliar a severidade das obstrucións nas arterias coronarias, medindo a presión dentro das mesmas antes e despois dunha estenose (estreitamento) para determinar se a obstrución está a causar unha redución significativa do fluxo sanguíneo.

A ecografía intracoronaria é unha técnica diagnóstica que consiste na obtención de imaxes mediante o uso de ultrasóns orixinados por uns transdutores miniaturizados

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

que se introducen nas arterias coronarias. As imaxes obtidas e procesadas son cortes de 360° das arterias coronarias, dando información do vaso, da estenose real da lesión, do tipo de placa que hai (calcificada, lipídica ou fibrótica) e do estado do resto do vaso. O intervencionismo facilita unha adecuada elección do stent que se vai implantar.

Produtos que se adquiriran con este contrato

Entre os dispositivos que se adquiriran a través do contrato autorizado hoxe polo Consello da Xunta están guías de presión para a avaliación de fisioloxía e microcirculación coronaria con conexión sen fíos; guías de presión para avaliación da fisioloxía coronaria en arterias con lesións longas, en arterias con lesións focais ou en arterias tortuosas. Tamén se mercarán catéteres diagnósticos para ecografía intracoronaria.

Igualmente, e como novidade, adquirirase un software para a avaliación de reserva fraccional do fluxo coronario, con posibilidade de determinación de lonxitude de lesión, diámetro do vaso e diámetro luminal a partir da angiografía coronaria.

Esta licitación realízase licitando os lotes necesarios para dar unha cobertura integral e acorde ás necesidades das áreas sanitarias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACHEGARÁ 200.000 € PARA EQUIPAR O PAZO DA CULTURA DE ABEGONDO

- O Consello dá luz verde á sinatura dun convenio, por importe total de 240.000 €, entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello
- Co acordo, dotarase a antiga vivenda colonial do predio Os Loureiros, con mobiliario para un salón de actos e salas para accións relacionadas coa lectura
- A axuda responde ao compromiso do Executivo autonómico coas administracións locais no impulso de infraestruturas axeitadas para ofrecer actividades culturais
- Así, co apoio do Goberno galego, o municipio coruñés contará cun centro referente na contorna, apostando por unha programación diversa e de calidade

A Xunta de Galicia achegará 200.000 € para dotar do equipamento necesario o edificio colonial localizado no predio Os Loureiros de Abegondo, en proceso de rehabilitación para converterse no Pazo da Cultura do municipio. Así se autorizouno Consello de hoxe, onde se lle deu luz verde á sinatura dun convenio, por un importe total de 240.000 €, entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello, respondendo así ao compromiso do Goberno galego coas administracións locais no impulso de infraestruturas axeitadas para a dinamización da cultura.

Así, a través deste acordo, o Executivo autonómico súmase ao proxecto cultural cunha partida, dividida en dúas anualidades para 2025 e 2026, que se destinará á instalación do mobiliario preciso para a implantación dun salón de actos e de salas para accións relacionadas coa lectura.

Deste xeito, a Xunta comprométese coa posta en marcha dunhas instalacións que se converterán nun gran centro cultural para a localidade, tras a restauración dun edificio con valor histórico que integrará diferentes equipamentos no mesmo lugar, proporcionando novos espazos de encontro e formación para a cidadanía á vez que revitaliza a zona. Neste senso, o obxectivo coa recuperación deste predio para usos culturais é fomentar a participación activa da sociedade, de maneira que se converta nun punto de referencia na contorna para albergar accións de lecer e formativas de calidade, reforzando o sentido de comunidade e fortalecendo a identidade local a través da cultura.

Ademais do fito cultural que supón para veciñanza esta iniciativa, desde o Goberno galego apóiase o proxecto tamén pola súa posta en valor e aproveitamento do patrimonio e da súa contorna paisaxística para a sociedade.

Un centro de dinamización cultural

Coa equipación do inmovible co material necesario darase un paso máis para converter o inmovible do predio dos Loureiros nun espazo de referencia para a lectura, o coñecemento e a dinamización cultural, con espazos polivalentes e salón de actos reconvertido a partir dun salón de vodas, con capacidade para acoller un amplo abano de actividades.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así, a versatilidade concibida para este equipamento permitirá a celebración de exposicións temporais en interiores, cursos de formación, encontros culturais e eventos especialmente dedicados á terceira idade e á cativada. De forma complementaria, no proxecto recóllese a implantación de sistemas de realidade virtual.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA O VOLUNTARIADO INTERXERACIONAL NO RURAL CON 630.000 €

- O Consello dá o visto e praxe a unha nova convocatoria desta subvención, que busca poñer en contacto a persoas maiores de 55 anos con mozos e mozas de 16 a 35 anos
- O obxectivo é desenvolver conxuntamente iniciativas de investigación, innovación e mellora do medio rural vinculadas co programa 'Talento Interxeracional'
- A orde da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude divídese en cinco liñas de acción vencelladas aos coidados, a agrogandería, a protección do medioambiente e a cohesión tecnolóxica e dixital

A Xunta de Galicia impulsará o desenvolvemento de proxectos de voluntariado interxeracional no medio rural mediante un investimento de 630.000 euros para o ano 2026. Así se acordou hoxe no Consello, onde se deu o visto e praxe a unha nova convocatoria destas subvencións que pretenden dinamizar as áreas rurais aproveitando a experiencia das persoas voluntarios de máis de 55 anos para amosar á xuventude as posibilidades e opcións de desenvolvemento profesional que pode aportar tanto a nivel individual como social.

Así, ao abeiro desta medida o obxectivo da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude é que estes dous colectivos traballen conxuntamente en iniciativas de investigación, innovación e mellora do medio rural a través de accións vinculadas ao programa Talento interxeracional.

Neste senso, a través desta convocatoria subvenciónanse actividades que recoñezan as experiencias das persoas maiores que poidan servir como catalizador para as iniciativas da mocidade. Trátase de proxectos que se deberán levar a cabo entre os meses de xaneiro e maio por parte de entidades locais ou agrupacións delas que teñan a consideración de entidades locais de carácter rural e de entidades de acción voluntaria de carácter asociativo, que contarán con axudas de ata 75.000 euros en función dos criterios establecidos na convocatoria.

Ademais, os proxectos presentados deben incluírse nunha das cinco liñas que forman a convocatoria. A primeira inclúe proxectos orientados á identificación de situacións e necesidades de coidados, baseadas en casos reais detectados na zona e enfocados ao acompañamento ou apoio no fogar de persoas autónomas pero que precisen coidados ou apoios puntuais.

A segunda área abarca as iniciativas orientadas a promover os cultivos ecolóxicos e sustentables e o fomento do relevo xeracional nas explotacións agrogandeiras. As seguintes liñas recollen propostas orientadas á protección do medio ambiente, co fin de contribuír á recuperación da biodiversidade e os ecosistemas; á promoción turística e cultural, fomentando a divulgación de elementos como o patrimonio ou os oficios tradicionais, e á cohesión tecnolóxica e dixital, con proxectos que atendan ou melloren as necesidades da zona.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PROMOVERÁ A INSERCIÓN LABORAL DE 500 PERSOAS DESEMPREGADAS EN ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO CUN INVESTIMENTO DE PRETO DE 9 M€

- O Consello da Xunta aprobou hoxe unha nova convocatoria destas achegas co obxectivo de mellorar a empregabilidade das galegas e galegos e dar resposta á crecente demanda de profesionais no ámbito dos servizos sociais
- Prevese beneficiar 200 entidades inscritas como de iniciativa social no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, que deberán garantir contratos a tempo completo de 9 meses ou, alternativamente, contratos a tempo parcial de 12 meses
- As entidades sociais beneficiarias destes apoios deben ter como a súa actividade principal o fomento de accións destinadas á inserción de persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social, servizos comunitarios, maiores, mulleres ou infancia
- Do total do orzamento, resérvanse 3 M€ especificamente para proxectos singulares, que serán desenvolvidos por organizacións con dimensión autonómica, máis de 100 profesionais nos seus cadros de persoal ou que prestan servizos a outras entidades
- Nos últimos tres anos, este programa permitiu apoiar a contratación de preto de 1.800 persoas sen emprego en 650 entidades sen ánimo de lucro en todo o territorio galego

O consello da Xunta autorizou hoxe o lanzamento dunha nova convocatoria orientada á contratación de persoas desempregadas en entidades sen ánimo de lucro, cun orzamento de preto de 9 millóns de euros e a previsión de inserción laboral de arredor de 500 persoas en toda Galicia.

A iniciativa, promovida pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, publicarase nas vindeiras semanas no Diario Oficial de Galicia e procura un dobre obxectivo: por unha banda, mellorar a empregabilidade das galegas e galegos a través da súa incorporación ao mercado laboral; por outra, dar resposta á crecente demanda de profesionais no ámbito dos servizos sociais, un sector clave no benestar da cidadanía e que require persoal cualificado para atender colectivos como maiores, persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social, mulleres, infancia ou unidades familiares vulnerables.

Este esforzo en materia de emprego busca seguir potenciando os bos datos que experimenta o mercado laboral galego. Así, segundo reflicten os últimos datos da enquisa de poboación activa (EPA), Galicia rexistra a cifra de ocupados (1.165.500 persoas) máis alta nun segundo trimestre desde 2008, e o número de parados (106.100) máis baixo desde finais de 2007. Ademais, a Comunidade mantén as taxa de paro, tanto a xeral como as de mulleres e mocidade, inferiores á media estatal.

Detalles da convocatoria

A través deste novo programa de cooperación, prevese beneficiar arredor de 200 entidades inscritas como de iniciativa social no Rexistro Único de Entidades Prestadoras

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de Servizos Sociais. As entidades deberán garantir contratos a tempo completo de nove meses ou, alternativamente, contratos a tempo parcial de 12 meses. As axudas cubrirán os custos salariais e de cotizacións á Seguridade Social das persoas contratadas.

Dos 8.825.000 de euros de orzamento, 3 millóns reservaranse especificamente para proxectos singulares, que serán desenvolvidos por organizacións con dimensión autonómica, máis de 100 profesionais nos seus cadros de persoal ou que prestan servizos a outras entidades.

A Xunta considera que cada entidade beneficiaria recibirá un apoio medio de 45.250 euros, o que supón un investimento estimado de 18.200 euros por cada traballador ou traballadora contratada. No último trienio (2022-2024), este programa permitiu apoiar a contratación de preto de 1.800 persoas sen emprego en 650 entidades sen ánimo de lucro en todo o territorio galego. Esta liña de apoios reflicte a colaboración activa entre a Administración autonómica e a economía social, clave para impulsar servizos de interese xeral que contribúan ao desenvolvemento da comunidade.

Compromiso coa inserción dos colectivos prioritarios

A nova orde de axudas inscríbese na estratexia global da Xunta de Galicia de favorecer a inserción laboral dos colectivos con maiores dificultades de acceso ao mercado de traballo, con medidas adaptadas ás realidades do territorio e aos perfís máis afectados polo desemprego.

Deste xeito, súmase a outras iniciativas en marcha como o programa Galicia Emprega, dotado con 20 millóns de euros, que promove a contratación indefinida e a tempo completo de persoas desempregadas pertencentes a colectivos prioritarios, como mocidade, mulleres, maiores de 52 anos, persoas paradas de longa duración, emigrantes retornadas e persoas estranxeiras. Ademais, a Xunta ten aberto ata o 18 de agosto o prazo de solicitude da nova edición dos programas integrados de emprego, que permitirá activar 46 proxectos dirixidos tanto a concellos como a entidades sen ánimo de lucro. Estas actuacións están orientadas a mellorar as oportunidades laborais de preto de 4.600 persoas demandantes de emprego, dando prioridade aos colectivos máis vulnerables, especialmente mulleres e maiores de 52 anos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 2,5 M€ ATA 2027 A APOIAR OS CRIADORES DE RAZAS AUTÓCTONAS GALEGAS NA SÚA CONSERVACIÓN E RECUPERACIÓN

- O Consello do Goberno galego autorizou hoxe a sinatura dun total de seis convenios entre a Consellería do Medio Rural e outras tantas entidades e asociacións de criadores para o fomento destas castes gandeiras
- Os acordos asinaranse co Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (Inorde); a Federación de Razas Autóctonas de Galicia (Boaga); a Asociación Nacional de Criadores da Raza Rubia Galega (Acruga); a Asociación de Criadores de Raza Porco Celta (Asoporcel); a Asociación de Criadores de Cabalo de Pura Raza Galega (Puraga) e a Asociación Pura Raza Cabalo Galego (APRG)

O Consello do Goberno galego autorizou hoxe a sinatura dun total de seis convenios entre a Consellería do Medio Rural e outras tantas entidades e asociacións de criadores de razas autóctonas gandeiras de Galicia por importe superior aos 2,5 millóns de euros ata o 2027. A finalidade destes acordos é apoiar as actividades que realizan estes colectivos a prol da recuperación, conservación e fomento das castes. Todos estes convenios están cofinanciados co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Plan estratéxico da política agraria común 2023-2027.

En concreto, as entidades asinantes dos convenios son o Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (Inorde); a Federación de Razas Autóctonas de Galicia (Boaga); a Asociación Nacional de Criadores da Raza Rubia Galega (Acruga); a Asociación de Criadores de Raza Porco Celta (Asoporcel); a Asociación de Criadores de Cabalo de Pura Raza Galega (Puraga) e a Asociación Pura Raza Cabalo Galego (APRG).

No caso do convenio co Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (Inorde), a achega por parte do Goberno galego é de 196.350 euros para continuar coa execución de actividades de conservación dos recursos zoonéticos autóctonos da Ovella Galega, a Cabra Galega e o Porco Celta.

O acordo coa Federación de Razas Autóctonas de Galicia (Boaga) ascende a algo máis de 1 millón de euros, para a conservación, desenvolvemento e utilización sostible dos recursos zoonéticos das castes e dos seus produtos derivados, fomentando o seu uso comercial como elemento clave para a súa conservación. Neste caso as razas amparadas son as bovinas autóctonas galegas en perigo de extinción (Limiá, Cachena, Vianesa, Caldelá e Frieiresa), así como a Ovella Galega, a Cabra Galega e a Galiña de Mos.

Rubia Galega e Porco Celta

Tamén se asinará un convenio coa Asociación Nacional de Criadores da Raza Rubia Galega (Acruga) para impulsar o seu programa de consolidación e diversificación, cunha achega da Consellería de 475.500 euros. Outro acordo subscribirase coa Asociación de Criadores de Raza Porco Celta (Asoporcel) por importe de 436.850 euros, para financiar actividades de recuperación, conservación e fomento desta raza porcina.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por último, en relación co cabalo de pura raza galego, asinaranse dous convenios. Un deles coa asociación de criadores, por valor de 191.500 euros, e outro coa Asociación Pura Raza Cabalo Galego, por importe doutros 138.500 euros. No primeiro caso, a finalidade do convenio é a conservación, desenvolvemento e utilización sustentable dos recursos zootécnicos. No segundo, financiaranse actuacións destinadas á posta en valor das aptitudes destes equinos en actividades deportivas, de exposición e de lecer.

Riqueza xenética e patrimonial

Con todos estes convenios ponse de manifesto que a Xunta valora estas razas por representar unha riqueza xenética, un patrimonio inmaterial e unha oportunidade para as novas gandarías extensivas e de produción ecolóxica, ao seren castes cunha enorme adaptación ás condicións climáticas da nosa Comunidade.

O Goberno autonómico está traballando desde hai anos no seu fomento, mediante convenios de colaboración coas asociacións de criadores e cos programas do Centro de Recursos Zootécnicos de Fontefiz (situado en Coles, Ourense). Ademais, a Consellería do Medio Rural vén convocando anualmente axudas destinadas ás organizacións ou asociacións de gandeiros para fomentar o uso destas razas. A maiores, e tendo en conta que os censos dalgunhas destas razas seguen sendo moi discretos e que a súa viabilidade a longo prazo non está asegurada, neste 2025 deuse un paso máis coa recente convocatoria de axudas específicas destinadas a fomentar a recría de femias e machos das razas autóctonas de ruminantes ameazadas de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA A REESTRUTURACIÓN PARCELARIA DE TRIABÁ, EN CASTRO DE REI, CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 4,2 M€ PARA ABRIR 30 NOVOS CAMIÑOS E OUTRAS OBRAS

- Esta actuación recolle tamén a creación de 13 canles de drenaxe, así como a limpeza e a reapertura dunha que se atopa completamente desnaturalizada
- Esta parcelaria abrangue unha superficie de 1.163 hectáreas, dentro das cales se atopan un total de 3.144 parcelas de 552 propietarios
- Desde 2020 a Xunta rematou un total de 35 concentracións parcelarias de máis de 24.000 hectáreas, beneficiando a 18.842 propietarios e, desde 2021, decretáronse 29 novas, cunha superficie de 24.751 hectáreas
- Neste 2025 xa se entregaron os títulos de dúas parcelarias rematadas nos concellos de Xunqueira de Ambía e Oroso

O Consello da Xunta autorizou o encargo para a realización da actuación da rede de camiños, canles de drenaxe e obras de paso na zona de reestruturación parcelaria de Triabá, no concello de Castro de Rei, que se levará a cabo cun investimento de máis de 4,2 millóns de euros. Esta parcelaria abrangue unha superficie de 1.163 hectáreas, dentro das cales se atopan un total de 3.144 parcelas de 552 propietarios.

O proxecto da Consellería do Medio Rural recolle unha rede formada por un total de 30 camiños de nova apertura cunha lonxitude total de 27.633,61 metros. Ao mesmo tempo, a hidroloxía da zona obriga á execución de numerosas canles e obras de drenaxe transversal, polo que se crearán novas 13 canles cunha lonxitude de preto de 13.500 metros que seguen en boa medida o trazado das actuais. Ademais, este encargo inclúe tamén a limpeza e a reapertura dunha canle que se atopa completamente desnaturalizada, así como a construción de balsas de decantación durante a posta en servizo das novas.

Esta iniciativa enmárcase dentro do Plan de reestruturación parcelaria para este 2025 e conta cun investimento previsto para o período 2025-2028, cofinanciado pola Unión Europea a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) nun 60 % do gasto elixible. O 40 % do financiamento cubrirase nun 28 % a través da Consellería do Medio Rural e o 12 % restante por parte do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Impulso á reestruturación parcelaria

A Xunta segue a traballar para favorecer estes procesos de reestruturación parcelaria e acelerar todos os trámites. Neste sentido, desde o ano 2020 rematáronse un total de 35 concentracións parcelarias, que abarcan unha superficie total de máis de 24.000 hectáreas, beneficiando a 18.842 propietarios que recibiron 39.859 títulos de propiedade. Por outra banda, desde o 2021 decretáronse 29 novas parcelarias en Galicia, que abranguen 24.751 hectáreas e 112.133 parcelas de 16.309 titulares.

Estas accións van acompañadas dun orzamento que no 2024 supuxo un investimento de 24 millóns de euros para impulsar estes procesos e o arranxo de pistas vinculadas ás

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

parcelarias. Neste ano, para continuar favorecendo este tipo de ferramentas de mobilización de terras, a Consellería do Medio Rural conta cun orzamento previsto de 14 millóns de euros. Destacar que se levan finalizado este ano dúas parcelarias nos concellos de Xunqueira de Ambía e Oroso.

Ademais, cómpre salientar que Galicia dispón da Lei de recuperación da terra agraria, aprobada en 2021, co obxectivo de poñer en valor terreos infrautilizados ou abandonados e facilitar unha base territorial suficiente a aquelas explotacións que a precisan. Dentro dela atópanse instrumentos como os polígonos agroforestais ou as permutas de especial interese agrario, entre outras.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E O CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE FAVORECEN O DESENVOLVEMENTO RURAL SOSTIBLE COA POSTA EN MARCHA DUNHA REDE DE CALOR CON CALDEIRA DE BIOMASA

- O Consello autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre varios departamentos da Xunta e o municipio pontevedrés para levar adiante este proxecto piloto, que poderá ser replicado noutras zonas de Galicia e Portugal, dado que se enmarca nunha iniciativa Interreg
- O orzamento total supera o medio millón de euros e permitirá mellorar a eficiencia enerxética de varios edificios públicos
- O convenio será asinado polo propio Concello e polas consellerías de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional; Política Social e Igualdade; Economía e Industria e Medio Rural

A Xunta de Galicia e o Concello de Cerdedo-Cotobade colaborarán para favorecer o desenvolvemento rural sostible mediante a posta en marcha dunha rede de calor con caldeira de biomasa neste municipio pontevedrés. O Consello do Goberno galego autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre varios departamentos da Administración autonómica e este Concello para poñer en marcha unha iniciativa que permitirá dar servizo a varios edificios públicos, no marco do proxecto europeo Interreg Poctep Aldealix (2023-2026), liderado pola Consellería do Medio Rural.

Así, ademais do Concello, na iniciativa participan, por parte da Xunta, as consellerías de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional; Política Social e Igualdade, a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar; Economía e Industria, a través do Instituto Enerxético de Galicia; e Medio Rural, a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. O orzamento total do proxecto ascende a 516.442,63 euros.

O proxecto europeo Aldealix busca poñer en valor e potenciar o uso de recursos forestais para xerar calor en pequenos núcleos do medio rural, mediante o impulso á creación de comunidades enerxéticas locais baseadas en biomasa forestal. Dentro desta iniciativa levaranse a cabo varios proxectos piloto en concellos de Galicia e Portugal que poderán funcionar como “demostrativos”, para aprender sobre posibles formas xurídicas de organización, consumos e custos, tecnoloxías e maquinaria utilizadas, de forma que poidan visitarse por outras entidades e municipios interesados neste tipo de solucións, e aprender desta experiencia.

Un destes proxectos é o da rede de calor no concello de Cerdedo-Cotobade, que nesta primeira fase dará servizo a diversos edificios municipais: CEIP San Xoan Bautista, Galiña Azul, vestiarios do pavillón municipal de deportes, aula taller e aula de música. Así mesmo, cómpre resaltar outra iniciativa levada a cabo no municipio ourensán de Monterrei, no marco tamén deste proxecto Aldealix.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Transición enerxética

A iniciativa céntrase no impulso do aproveitamento racional dos recursos naturais, como a biomasa forestal, que encaixa coa aposta pola sustentabilidade e a transición enerxética, xerando enerxía limpa, reducindo o risco de incendios e promovendo a autosuficiencia das comunidades locais.

Por tanto, este proxecto beneficiará directamente os veciños de Cerdedo-Cotobade, na medida en que permitirá optimizar os custos enerxéticos de varias instalacións municipais de uso público. Ademais, servirá como demostración para outros proxectos semellantes que se poden poñer en marcha no futuro e que beneficiarán os habitantes doutros puntos do rural galego. Trátase, xa que logo, dunha iniciativa que incide na sustentabilidade dos recursos locais, tanto desde o punto de vista social como económico e ambiental.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA AMPLÍA A SÚA CONTRIBUCIÓN ECONÓMICA AO PROGRAMA DE CAPACITACIÓN DA INICIATIVA PORTOS AZUIS DA FAO

- A través da addenda ao convenio existente, asinado pola Consellería do Mar, a Autoridade Portuaria de Vigo, o MAPA e Portos do Estado
- O proxecto da FAO busca transformar as infraestruturas portuarias en motores de desenvolvemento sostible, promovendo a xestión responsable dos recursos mariños e o benestar das comunidades pesqueiras

O Consello da Xunta deu o visto e praxe ao proxecto de acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda de modificación ao convenio entre a Consellería do Mar, a Autoridade Portuaria de Vigo, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e Portos do Estado para facilitar a contribución económica ao programa de capacitación da iniciativa Portos Azuis da Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura (FAO).

Este cambio inclúe a incorporación dunha nova achega de 114.080 euros, que se suman aos 125.400 euros que figuraban no acordo subscrito polas partes en 2024, supoñendo unha aportación total parte da Xunta de 62.720 euros.

Este investimento permitirá a organización do seminario internacional deste Programa, que ten por finalidade principal impulsar e reforzar a iniciativa Portos Azuis da FAO, destinada a transformar os portos pesqueiros en motores de desenvolvemento sostible, a través dunha xestión responsable dos recursos mariños que contribúa ao benestar das comunidades pesqueiras.

O proxecto da FAO configúrase como unha oportunidade para compartir coñecemento e boas prácticas para unha maior optimización dos portos pesqueiros, ao tempo que ofrece alternativas de capacitación para os seus profesionais. Asemade, permite establecer unha rede global de portos en termos de colaboración e de compartir experiencias que deriven no impulso da competitividade e sostibilidade do sector.

O incremento da axuda por parte do Goberno galego permitirá fortalecer a labor da industria Pesqueira e a actividade do porto vigués, o primeiro en tráfico de pesca de España, ademais de reforzar as posibilidades de que Vigo poida ser sede deste programa da Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZARÁ EN 2025 OS SISTEMAS DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NOS CONCELLOS CON 70 M€ DESTINADOS A AXUDAS DIRECTAS E PROXECTOS ESTRUTURAIS, UN 4% MÁIS QUE EN 2024

- O Consello toma razón dun informe sobre o apoio técnico e económico que brinda Augas de Galicia ás entidades locais mediante a concesión de diferentes incentivos e a execución de actuacións xa en marcha ou comprometidas para este ano
- O organismo hidráulico reserva 5,7 M€ á realización de 135 intervencións urxentes para solucionar perdas de auga e infiltracións e financiará 106 auditorías completas para avanzar na planificación e detección de problemas nas infraestruturas actuais
- Entidades locais, comunidades de usuarios e asociacións ambientais recibirán este ano 7,23 M€ a través das distintas liñas de axudas convocadas pola entidade pública empresarial, o que supón máis dun 50% de aumento respecto das achegas concedidas o ano pasado
- Para completar este tipo de actuacións, tamén se executan infraestruturas como a EDAR de Foz, a ETAP de Padrón ou as redes de Burela, Marín e Cambados e están en fase de contratación infraestruturas de calado como as EDAR de Vilagarcía e a mellora da rede de saneamento de Poio.
- Destínanse 15,9 M€ a obras de depuración que optimicen o estado das rías galegas, mantendo o esforzo inversor, e outros 8,8 M€ a investimentos que melloren os servizos hidráulicos en zonas rurais, incrementando un 160% as cifras de 2024

A Xunta de Galicia reforzará este ano as súas políticas hidráulicas ao mobilizar máis de 70 millóns de euros, unha cifra un 4% superior á de 2024, a través da concesión de axudas directas especialmente dirixidas aos concellos -que medran neste caso concreto un 150%- e da execución de decenas de proxectos estruturais que contribúan a mellorar os servizos de saneamento, depuración e abastecemento no conxunto da Comunidade. Así se recolle no informe presentado hoxe ante o Consello da Xunta e que dá conta da estratexia de apoio de Augas de Galicia ás entidades locais para este ano 2025 co fin de seguir avanzando na profesionalización da xestión dos recursos hídricos.

Aínda que os servizos de abastecemento e de saneamento á cidadanía son, por lei, unha competencia municipal, a realidade de moitos concellos, especialmente a dos máis pequenos ou con poboacións dispersas, impide que poidan afrontar con autonomía os actuais retos en materia de infraestruturas hidráulicas, eficiencia, calidade da auga e cumprimento das esixencias normativas europeas e estatais.

Por iso, a Xunta, a través do organismo hidráulico Augas de Galicia, leva anos prestando o seu apoio estratéxico e sostido no tempo ás entidades locais, complementando na actualidade os tradicionais proxectos de envergadura e de carácter estrutural con outro tipo de accións, directas ou indirectas, puntuais e moi eficaces como poden ser o financiamento de auditorías, plans de mellora e pequenas obras en rede que permiten actuar de xeito áxil, eficaz e con impacto inmediato.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste contexto, o Goberno galego deu un salto cualitativo e cuantitativo en 2025 na súa estratexia de apoio aos concellos en materia de xestión da auga. Así, por unha banda mantéñense e mesmo se amplían os investimentos destinados a grandes actuacións hidráulicas (redes de abastecemento, potabilizadoras, sistemas de depuración ou obras en zonas rurais), e por outra, refórzase a liña de traballo orientada a realizar ou promover pequenas accións pero cun alto impacto a nivel local xa que permiten resolver problemas puntuais e concretos como perdas de auga, infiltracións ou deficiencias nas redes, optimizando deste xeito o uso dos recursos e mellorando a eficiencia da xestión.

En concreto e unha vez resoltas as convocatorias de 2025 de todas as liñas de axudas de Augas de Galicia, o balance foi de 7,23 millóns de euros concedidos para apoiar sobre todo a concellos, pero tamén a particulares e asociacións ambientais, na mellora de distintos sistemas de abastecemento e saneamento, unha contía que representa un incremento de máis do 50% fronte aos 4,7 millóns outorgados por esta mesma vía o ano pasado.

Das 8 ordes de incentivos convocadas polo organismo hidráulico autonómico en 2025, 5 ían dirixidas especificamente a entidades locais e foron tamén as máis exitosas, cun total de 233 axudas concedidas por importe de 6,4 millóns de euros (é dicir, un 150% máis que en 2024). Entre elas, destacan as 46 achegas destinadas este ano a realizar auditorías municipais de abastecemento e as 60 que permitirán comprobar o estado doutras tantas redes de saneamento. Estas dúas liñas de axudas estaban dotadas inicialmente dun orzamento total de 0,7 millóns de euros pero Augas de Galicia duplicou esta cifra ata chegar aos 1,4 millóns para garantir que se atendera o maior número de solicitudes recibidas.

As outras ordes que recibiron unha mellor acollida por parte das entidades locais galegas foron as dúas destinadas a financiar a execución de pequenas obras e intervencións para minimizar as perdas de auga e reducir as infiltracións nas redes de saneamento. Dotadas cada unha de 2,5 millóns de euros, ambas convocatorias saldáronse cunha execución do 100% pero a maiores Augas de Galicia tamén asumiu de forma directa a realización e financiamento dalgunhas actuacións puntuais co mesmo fin, polo que o investimento destinado a este capítulo ascende a 5,7 millóns de euros.

Así mesmo e aínda que dirixida neste caso ás comunidades de usuarios que xestionan e se ocupan do mantemento das súas propias traídas de auga, a convocatoria de axudas para apoiar a este tipo de entidades na mellora das súas instalacións tamén esgotou o crédito dos 500.000 euros dispoñibles.

Impulso ás actuacións estruturais

En paralelo, a Xunta mantén e reforza este ano o seu compromiso co desenvolvemento das grandes actuacións estruturais, de difícil execución por parte das propias entidades locais pero necesarias para garantir a sustentabilidade do ciclo da auga a medio e longo prazo. Isto inclúe desde a modernización das redes de abastecemento, a ampliación da capacidade das estacións de tratamento de auga potable (ETAP), o desenvolvemento

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

das redes de saneamento municipal, a mellora da depuración e a protección das rías e dos ecosistemas acuáticos, ata o impulso dun rural máis resiliente en materia hídrica.

Entre as máis salientables cómpre destacar, tanto pola poboación beneficiaria como pola envergadura das propias obras, a nova EDAR de Vilagarcía de Arousa, a piques de licitarse e cun orzamento total de 28 M€; as obras xa en curso nas depuradoras de Foz (9 M€) e Cambados (4 M€) e na ETAP de Padrón (10,5 M€); ou os traballos de mellora dos depósitos de almacenamento e da rede de Ares (contratados por 3,2 M€).

Así mesmo, tamén a piques de licitarse, 2025 será o ano do inicio da reparación da rede xeral de abastecemento de Ribadeo e Trabada, cun investimento de 8,5 M€ distribuído en varias anualidades.

Ás melloras das redes de abastecementos destinarase este ano unha partida de 7,6 M€ e as actuacións para incrementar a capacidade de tratamento e de resposta ante eventuais picos de consumo de auga disporán de 11,6 M€. Ademais, para completar e mellorar o desenvolvemento dalgúns sistemas de saneamento, Augas de Galicia reserva preto de 20 M€ a intervencións nas redes de Padrón e Poio así como nos colectores de Cambados ou Marín, entre outras.

Por último, o organismo hidráulico ten reservada unha partida global de 15,9 M€ -que mantén o esforzo inversor do 2024- para impulsar proxectos de depuración que contribúan a optimizar o estado das rías e dos ríos reducindo así o impacto dos vertidos sobre a calidade das masas de auga; e tamén destinará este ano 8,8 M€ ao programa por un rural sostible -un 160% mais que no 2024-, no que se enmarcan unha serie de investimentos co obxectivo de mellorar os servizos hidráulicos en zonas rurais e dispersas. Neste apartado destaca especialmente o paquete de actuacións incluídas no convenio asinado entre a Xunta e o Concello de Ferrol, cun orzamento global de 4,3 M€.

Unha comunidade marcada pola dispersión

A necesidade deste apoio por parte de Augas de Galicia —xa sexa vía subvencións directas ás entidades locais ou coa execución e financiamento de obras de gran envergadura— resulta aínda máis importante nunha comunidade como a galega, caracterizada por unha gran dispersión e que supera os 30.000 núcleos de poboación, máis da metade dos que hai en toda España.

Esta realidade territorial complexa e dispersa —derivada entre outras razóns da propia riqueza de Galicia en canto á cantidade e calidade das súas augas— é a que conformou uns sistemas de abastecemento e de depuración tamén difíciles de xestionar. Como mostra, cómpre subliñar que na comunidade hai máis de 5.000 captacións inventariadas, 929 potabilizadoras, 156 estacións depuradoras de gran capacidade e unha rede de saneamento integrada por máis de 25.000 quilómetros de colectores.

Neste sentido, o ano 2025 marcará un punto de inflexión na política hidráulica galega, con máis de 70 millóns de euros mobilizados en apoio directo aos concellos, tanto a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

través de pequenas actuacións que multiplican a eficiencia local como mediante grandes proxectos que transforman a infraestrutura hídrica galega de maneira integral.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONTRATA O CAMBIO DE CUBERTA DO COLEXIO CEIP AS MERCEDES DE LUGO POR 500.000 €

- Dáse así unha resposta áxil e eficaz ao colapso dunha pequena parte do forzado da cubrición a principios do mes de xuño
- Colocarase unha nova estrutura, illamento e cubrición en todos os módulos do centro e renovaranse os lucernarios de policarbonato do patio da planta baixa

A Xunta de Galicia contratou a obra de cambio de cuberta do Colexio CEIP As Mercedes, en Lugo, por un importe de 500.000 €. O Consello de Goberno foi informado hoxe, seguindo a normativa vixente, da contratación desta actuación polo procedemento de emerxencia, dando unha resposta áxil e eficaz ao colapso dunha pequena parte do forzado da cubrición a principios do mes de xuño.

O obxectivo é realizar a obra, na que xa se está a traballar, coa maior celeridade, de tal forma que o centro conte coas mellores condicións de habitabilidade e funcionalidade, garantido a máxima seguridade para a comunidade educativa na volta ás clases. A previsión é, de feito, rematar as obras antes do inicio do novo curso escolar.

Desde o primeiro momento tras o incidente, producido o pasado 7 de xuño, técnicos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP analizaron a situación do centro e mesmo se encargou un informe a unha empresa especializada, do que se conclúe a necesidade de cambiar a cuberta do colexio.

A cuberta actual do CEIP As Mercedes ten 60 anos de antigüidade e a súa estrutura non se axusta aos actuais estándares de calidade, polo que a solución máis eficiente é o cambio inmediato da mesma.

O programa da intervención inclúe a demolición do forxado de cuberta e da cubrición de pizarra en todos os módulos do centro e a colocación dunha nova estrutura, illamento térmico e cubrición. A maiores, reforzase a estrutura baixocuberta, repintaranse as aulas afectadas pola obra e renovaranse os lucernarios de policarbonato no patio da planta baixa, dado que é necesario retiralos para acometer a obra.

60 obras en Lugo

A Xunta de Galicia está a acometer este ano 60 actuacións en centros educativos de Lugo cun investimento total de 7,8 M€, ao abeiro do Plan de nova arquitectura pedagóxica. En concreto, avánzase na execución de 13 grandes intervencións (que inclúen ampliacións de colexios e institutos e rehabilitacións integrais) entre as que destacan a rehabilitación integral do instituto Lucus Augusti (3,3 M€), a rehabilitación integral do colexio plurilingüe Poeta Avelino Díaz en Meira (874.000 €) e a substitución de carpintarías e luminarias no colexio Terra Cha de Vilalba (preto de 200.000 €).

A maiores, como todos os anos, aproveítase o período estival para realizar reparacións de mediana e pequena envergadura, no marco do Plan de benestar e accesibilidade na

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

escola (Plan BEN_Estar 2025). Na provincia de Lugo desenvólvense 47 destas obras, en 29 concellos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A FUNDACIÓN GALTIA LANZARÁ EN 2026 A SÚA PRIMEIRA CONVOCATORIA PARA CAPTAR INVESTIGADORES DE MÁXIMO NIVEL

- Salienta que o obxectivo “é incorporar 30 investigadores de máximo prestixio internacional ata 2030”
- Para iso, a entidade partirá cun orzamento inicial de 35 M€ e a previsión “dun retorno de case 120 M€ na comunidade”
- Desenvólvese o Plan plurianual de actuacións e os estatutos da Fundación como pasos previos á súa aprobación definitiva antes de que remate este ano

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre os trámites desenvolto para a constitución da nova Fundación galega de atracción de talento investigador de alto nivel, a denominada Fundación Galtia. Seguindo o previsto, o obxectivo é que a entidade estea constituída no vindeiro outono e “lance a súa primeira convocatoria para captar científicos a principios de 2026”, segundo indicou o presidente do Goberno galego, Alfonso Rueda.

Rueda lembrou que esta entidade ten o obxectivo de “incorporar 30 investigadores de máximo prestixio internacional ata 2030” e para iso parte “cun orzamento inicial de 35 millóns de euros coa previsión de que isto supoña un retorno para a comunidade de case 120 millóns”.

Con esta finalidade, tal e como amosa o informe hoxe avalidado no Consello, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP completou o groso do traballo preparatorio para poñer a funcionar Galtia, o que inclúe a elaboración do Plan plurianual de actuacións e os estatutos da Fundación, documentos que constituirán unha peza clave como base para a súa posta en marcha e desenvolvemento ordenado, garantindo a súa viabilidade e adecuación aos obxectivos definidos.

De maneira coordinada con distintos departamentos do Goberno galego, traballouse na estrutura organizativa e na dotación de persoal, que será o mínimo imprescindible para levar a cabo as súas tarefas, así como na definición das bases estratéxicas que rexerán a Fundación nas que se inclúe aspectos como a gobernanza, os apoios aos investigadores, a carteira de servizos de Galtia e a concreción do modelo de financiamento.

Pasos previstos ata outubro

Logo destes pasos, desde agora e ata outubro está prevista a finalización dos trámites xurídicos e administrativos necesarios para formalizar Galtia, así como cuestións referentes a súa localización, selección da Dirección Científica e a validación final. Logo disto, a proposta definitiva da creación da Fundación someterase á aprobación polo Consello da Xunta e publicación no Diario Oficial de Galicia antes de rematar o ano.

Posteriormente, iniciaranse os procesos selectivos para a contratación do persoal, dotando a Fundación de capacidade operativa plena. Isto permitirá realizar a contratación de servizos, a sinatura de convenios de acollida con institucións colaboradoras e o lanzamento, no primeiro semestre de 2026, da primeira convocatoria,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

así como o deseño dos paneis avaliadores. En paralelo, Galtia avanzará no desenvolvemento de ferramentas e na consolidación das relacións institucionais necesarias para o seu funcionamento.

O talento, unha prioridade da Xunta

A Fundación Galtia encóntrase nunha fase avanzada de xestación. Tras culminar os pasos futuros, estará en disposición de comezar a funcionar con plena capacidade, cumprindo a súa misión de reforzar o ecosistema de investigación e innovación en Galicia. Deste xeito, no 2026 lanzarase a primeira convocatoria que busca captar a cinco profesionais, realizando convocatorias anuais ata completar o elenco de 30 investigadores no ano 2030.

Tal e como resaltou Rueda, con esta iniciativa, “buscamos que científicos de máximo nivel de todo o mundo e os seus equipos elixan Galicia para establecerse” e desenvolver os seus proxectos. A captación de científicos referentes nas súas áreas de coñecemento a nivel mundial enfocarase en iniciativas de alto impacto fixadas no Plan galego de investigación e innovación 25-27, permitindo a integración destes e dos seus equipos nas estruturas científicas existentes en Galicia.

Con esta Fundación de atracción de talento investigador de alto nivel, procúrase atraer persoal que actualmente traballa noutros países, no que se prime a calidade sobre a cantidade. O seu talento e prestixio poden xerar un efecto tractor en toda a cadea de valor, coa correspondente repercusión na xeración de coñecemento, capacidade de competir en convocatorias de financiamento, publicacións e ránkings internacionais.

Co avance da constitución de Galtia, o Goberno galego segue dando pasos firmes no impulso da ciencia de calidade. Esta nova liña reforza e complementa o labor en marcha con iniciativas como o programa Oportunius, que atrae e reten investigadores que obtiveron as prestixiosas bolsas do Consello Europeo de Investigación. Así mesmo, continúaase apoiando o desenvolvemento da carreira investigadora desde a súa fase inicial (a través das bolsas predoutorais e posdoutorais con opcións de estabilización) e todo un paquete de iniciativas para consolidarse mediante os grupos de investigación máis competitivos, a Rede CIGUS e un crecente ecosistema público-privado de I+D+i.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ CASE 7,5 M€ NO REFORZO DE INFRAESTRUTURAS TECNOLÓXICAS E SERVIZOS PÚBLICOS PARA PREVER APAGAMENTOS COMO O DO PASADO MES DE ABRIL

- A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e Redes de Telecomunicacións de Galicia (Retegal) propuxeron as medidas necesarias para aumentar a garantía dos servizos públicos e da Administración
- As principais actuacións implican a dotación da internet por satélite a infraestruturas críticas, máis grupos electrógenos, máis terminais da rede de comunicacións críticas para emerxencias (Tetra) e o emprego de máis operadores de telecomunicacións para mellorar a redundancia
- Os plans tamén prevén que os principais edificios da Xunta poidan utilizar conexións adicionais de fibra para maior capacidade, rapidez e dispoñibilidade

O Consello de Goberno aprobou hoxe dous plans para a mellora das infraestruturas tecnolóxicas e de telecomunicacións da Xunta para previr cortes de subministración eléctrica como o que sufriu a Península Ibérica no pasado mes de abril. Ambas as planificacións, que teñen como obxectivo asegurar a continuidade dos servizos públicos e da Administración nunha situación deste tipo, suman investimentos de case 7,5 millóns de euros entre este ano e o 2028.

O corte do pasado mes de abril permitiu comprobar e avaliar a eficacia dos sistemas dos que dispón a Xunta de Galicia para garantir a continuidade dos servizos públicos e da Administración nunha circunstancia extrema como a que se viviu naquel momento. Pese a que os equipos de respaldo demostraron a súa eficacia e garantiron a continuidade da práctica totalidade das comunicacións internas e dos servizos, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e a empresa pública Redes de Telecomunicación de Galicia (Retegal) elaboraron estudos para analizar as necesidades no caso de que unha incidencia deste tipo puidera prolongarse máis no tempo e ter unha maior afectación nas redes de telecomunicacións. O resultados son estes dous plans de mellora de infraestruturas que hoxe aprobou o Consello.

Melloras nas infraestruturas tecnolóxicas

Por parte da Amtega, as propostas de mellora con maior prioridade implican dispoñer de acceso a internet por satélite no Centro de Procesamento de Datos Integral (CPDI), así como nos edificios da Xunta que dispoñen de grupos electrógenos, como o de San Caetano. A Axencia tamén considera necesario dispoñer de fibra escura para conectar os principais edificios da Xunta co CPDI a través de Retegal. A fibra escura está conformada por cables de fibra óptica adicionais aos xa existentes que proporcionarían unha maior seguridade, velocidade e dispoñibilidade na transmisión de datos.

O Plan da Amtega inclúe tamén unha mellora na redundancia do servizo de telefonía fixa nos principais edificios da Xunta. A redundancia implica dispoñer de alternativas que entran en funcionamento de xeito automático para evitar interrupcións nas comunicacións cando se producen cortes nunha ou varias redes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Nesta planificación prioritaria atópase tamén a necesidade de dispoñer de servizos de máis dun operador, tanto para as comunicacións de datos da Xunta como para a telefonía do servizo de emerxencias 112.

Melloras nas redes de telecomunicacións

Retegal considera prioritario dotar de terminais da rede de comunicacións críticas de emerxencias (Tetra) a todo o seu persoal de campo, así como aos servizos de mantemento que participan na xestión de incidentes. A rede Tetra emprega unha tecnoloxía que permite as comunicacións de voz e de datos dun xeito fiable mesmo en zonas que non dispoñen de cobertura por parte das operadoras e especialmente cando os servizos das operadoras non están dispoñibles por motivos técnicos ou de falta de subministración eléctrica.

O plan tamén recolle a instalación e reforzo dos grupos electrógenos nos centros de telecomunicacións máis críticos e que prestan servizos de emerxencia e seguridade; así como a renovación das baterías naquelas instalacións nas que estes equipamentos tiveron un rendemento por debaixo dos estándares durante o apagamento.

As medidas prioritarias de Retegal inclúen tamén a dotación dunha maior capacidade para os depósitos de combustible dos grupos electrógenos, así como monitorizar o funcionamento destes equipamentos. Así mesmo, considera necesario implantar un sistema de protección do acceso electrónico, así como a ampliación de radio-enlaces para mellorar a redundancia das comunicacións.

Entre as medidas que se consideran necesarias, pero cunha prioridade menor, atópanse, entre outras, a dotación de terminais Tetra a técnicos da Amtega e altos cargos da Xunta, a instalación de máis grupos electrógenos, a mellora da climatización e impermeabilización de equipamentos críticos ou a ampliación da capacidade das baterías.

O investimento previsto é de 7,5 millóns de euros en catro anualidades.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACORDA A APROBACIÓN PROVISIONAL DO PROXECTO DE TRAZADO DA VARIANTE DE CARBALLO, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 22 M€

- A Xunta someterá nos vindeiros días a información pública o proxecto do novo trazado, que conectará o polígono de Bértoa, a AC-552 e o enlace Carballo Leste da AG-55 coas DP-1914 e AC-413, situadas ao sur e sureste do municipio
- Trátase de crear unha estrada de novo trazado que dará saída directa ao polígono industrial de Carballo cara as estradas de Ordes e Santiago, evitando o tráfico pesado pola trama urbana
- A estrada divídese en dous tramos: o primeiro, cunha lonxitude de 2.850 metros entre a AC-552 e a AC-413 e o segundo, de 800 metros entre a AC-413 e a DP-1914
- Entre as estruturas previstas están un viaduto sobre o río Anllóns, dous pasos superiores e un paso inferior, un muro de contención e un marco para o rego Añón
- Construiranse dúas glorietas de 60 e 70 m de diámetro con dous carrís de 4 m, beirarrúa exterior e interior e berma, nas interseccións coa AC-413 e DP 1914
- O Goberno galego continúa a traballar no impulso de actuacións que favorecen unha Galicia mellor conectada e máis vertebrada, mellorando as comunicacións nos municipios e favorecendo unha mobilidade máis cómoda e segura

O Consello da Xunta acordou hoxe a aprobación provisional do proxecto de trazado da variante de Carballo, cuxa execución suporá un investimento estimado de máis de 22 M€.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas prevé someter nos vindeiros días este proxecto a información pública, para os efectos da Lei 8/2013, de estradas de Galicia, e para os efectos expropiatorios, por un prazo de 1 mes. Na variante de Carballo será necesaria a expropiación de 182 parcelas de terreos.

O obxectivo é avanzar no desenvolvemento dunha estrada de novo trazado que sirva de variante polo sureste ao núcleo urbano de Carballo. Permitirá a conexión do parque empresarial de Bértoa, a AC-552 e o enlace Carballo Leste da AG-55 coas estradas DP-1914 e AC-413, situadas ao sur e sureste de Carballo.

Así, crearase unha variante de poboación pola zona este que capte e canalice os tráfico de medio e longo percorrido do parque empresarial e a zona norte de Carballo cara Santiago de Compostela pola estrada provincial DP-1914, e cara Ordes e a N-550 empregando a AC-413, evitando deste xeito que atravesen a trama urbana de Carballo.

Con esta actuación darase un servizo máis directo ao polígono de Bértoa, que xera gran parte da actividade económica de Carballo e da súa mobilidade, ademais de evitar o tránsito de mercadorías polo centro urbano de Carballo. Isto permitirá

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

evitar a circulación dos vehículos pesados, en concreto, na zona do instituto Alfredo Brañas, o colexio infantil e de primaria Fogar e a zona do complexo deportivo.

A intensidade media do tráfico no ano horizonte 2045 estímase que oscilará entre os 8.747 e os 11.360 vehículos/día, dependendo do treito.

O proxecto

As actuacións proxectadas comprenden unha estrada de novo trazado e velocidade de proxecto 80 km/h. As conexións con outras estradas resólvense a nivel mediante glorietas. A estrada estará valada e non se permitirán os accesos salvo nas glorietas que delimitan os treitos do trazado.

No proxecto que se somete a información pública o trazado da nova estrada en planta estrutúrase en dous tramos que teñen orixe e final nas interseccións a nivel previstas en forma de glorieta. En concreto, o primeiro treito, cunha lonxitude de 2,8 Km se inicia nunha nova glorieta situada na AC-413 e discorre dirección NE, finalizando na glorieta existente na AC-552. O segundo teito de novo trazado, de 0,8 Km, se inicia na DP-1914 e finaliza nunha nova glorieta na AC-413.

A lonxitude acada así algo máis de 3,6 quilómetros, cunha sección tipo xeral de 2 carrís de 3,50 metros, máis 2 beiravías de 1,5 m e bermas de 1 m.

As estruturas a desenvolver inclúen un viaduto sobre o río Anllóns de 340 m de lonxitude, dous pasos superiores sobre a variante no treito entre a AC-413 e a AC-552; un paso inferior baixo a variante no tramo entre a DP-1914 e a AC-413, de dimensións interiores 10 x 4,5 m.


Tamén se prevé un muro de contención no treito final da variante, na marxe dereita no punto de conexión coa AC-552, e un marco para o rego Añón, no treito entre a AC-413 e a AC-552, de dimensións interiores 6 x 3,5 m.

Con respecto ás glorietas, construíranse dúas glorietas de 60 e 70 m de diámetro con dous carrís de 4 m, beirarrúa exterior de 1,5 m, beirarrúa interior de 1 m e berma de 1 m nas interseccións coa AC-413 e DP 1914.

O Goberno galego continúa a traballar no impulso de actuacións que favorecen unha Galicia mellor conectada e máis vertebrada, mellorando as comunicacións nos municipios e favorecendo unha mobilidade máis cómoda e segura.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Variante de Carballo que se somete a información pública



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA DÁLLE LUZ VERDE Á LICITACIÓN DA REDACCIÓN DOS PROXECTOS DOS CENTROS DE SAÚDE DE BECERREÁ E DE SANXENXO

- O Goberno galego destinará máis de 392.000 euros no proxecto de reforma e ampliación do centro de saúde de Baltar, en Sanxenxo, cuxas obras terán un investimento estimado en 5,2 millóns de euros
- Prevese demoler a parte máis antiga do centro de saúde para ampliálo cun novo volume con soto, baixo e dous andares, sumando máis de 4.300 m²
- A actuación permitirá incrementar as consultas de medicina de familia e outros espazos sanitarios e ampliar as instalacións do PAC
- Para a redacción do proxecto do novo centro de saúde de Becerreá resérvanse 270.000 euros, coa previsión de investir 3,2 millóns na execución das obras
- O novo centro permitirá crear unha consulta de traballo social, unha de hixienista, unha sala de técnicas, unha polivalente e unha para docencia
- A previsión dispoñer dos proxectos redactados no primeiro semestre de 2026, como paso previo á licitación das obras

Consello da Xunta abordou hoxe, na súa reunión semanal, dous informes da Consellería de Sanidade nos que avanza á licitación os vindeiros días da redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra do novo centro de saúde de Becerreá, na provincia de Lugo, e da ampliación e reforma do centro de saúde de Baltar, no concello pontevedrés de Sanxenxo.

No referente á ampliación e reforma do centro de saúde e do punto de atención continuada de Baltar, en Sanxenxo, demoleranse a parte antiga do centro sanitario para ampliar o edificio cun novo volume de planta baixa, dous andares e soto para instalacións, cunha superficie estimada de 3.157,50 m². Así, conservaranse 1.210 m² da parte nova do centro, ata chegar a 4.367,50 m².

A Xunta destinará máis de 392.000 euros á redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra da ampliación e reforma do centro de saúde de Baltar. Para a execución material da reforma, a Xunta estima necesario un investimento superior aos 5,2 millóns de euros que, en todo caso, será definido unha vez sexa redactado o proxecto.

Coa reforma, o novo centro de saúde disporá dunha área asistencial de atención clínica con 10 consultas de medicina (unha máis con respecto á actualidade para contar cun MIR) e 9 de enfermería e 1 sala polivalente, consulta de farmacia, de nutricionista (que actualmente non ten espazo propio), sala de técnicas, de tomas de mostras, de cirurxía menor, polivalente e/ou ecografía e de tratamentos ou urxencias.

Terá tamén unha área de pediatría con 3 consultas de medicina e 3 de enfermería e unha sala de lactancia. A área de atención á muller conta con 1 consulta de matrona (incorporarase unha nova profesional en quenda de tarde) e unha nova sala de educación

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

para a saúde. Os servizos de fisioterapia manterán 1 consulta e un ximnasio con novos vestiarios.

Ampliaranse os espazos do PAC para gañar en confort especialmente nos meses de verán cando aumenta a demanda asistencial no municipio turístico. Ampliarase a sala de espera, os dormitorios do persoal pasarán de 3 a 6 e o número de consultas, tanto de medicina como de enfermaría, pasarán de 1 a 3.

A base do 061 contará, ademais de con sala de estar e de traballo, con 3 dormitorios, vestiarios e garaxe para a ambulancia.

Esta reforma non estaba recollida inicialmente no Plan de infraestruturas sanitarias de atención primaria do Servizo Galego de Saúde pero dáselle prioridade pola poboación atendida, 21.856 tarxetas como PAC de referencia dos concellos de Sanxenxo e de Meaño, ademais do incremento de poboación durante o verán.

Novo centro de saúde na provincia de Lugo

Polo que atinxe ao novo centro de saúde de Becerreá, a Xunta vai proceder a licitar a contratación do servizo de redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra por importe de case 270.000 euros.

A Xunta prevé investir na execución material do novo centro de saúde de Becerreá arredor de 3,2 millóns de euros.

O futuro centro de saúde desta localidade da provincia de Lugo atenderá unha poboación de 2.867 tarxetas sanitarias e contará cunha superficie construída de 2.150 m².

Disporá, como novidade, dunha consulta de traballo social, unha de hixienista, unha sala de técnicas, unha polivalente e unha para docencia; ademais das actuais tres consultas de medicina, tres de enfermaría, unha sala de toma de mostras, unha consulta de pediatría e outra de enfermaría pediátrica, unha para a matrona, outra para o programa da muller, unha sala de docencia e unha consulta de odontoloxía, ademais de consulta de fisioterapia e ximnasio.

No que atinxe ao punto de atención continuada, a previsión é que o PAC dispoña dunha nova sala de observación e box para críticos, dúas consultas de medicina (unha máis que no actual centro) e tamén unha consulta de enfermaría.

Así mesmo, modernizaranse e melloraranse a área de radioloxía e os espazos destinados ás tarefas de xestión.

A construción do centro de saúde de Becerreá está recollida na fase 2 do Plan de infraestruturas sanitarias de atención primaria do Servizo Galego de Saúde.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Xunta prevé adxudicar a redacción dos dous proxectos a finais deste ano, co obxectivo de telos redactados no primeiro semestre de 2026, como paso previo á licitación das obras.

O novo centro de saúde mellorará substancialmente a atención prestada, dada a antigüidade do espazo no que actualmente se localiza o centro de titularidade do concello, construído en 1992, e que comparte inmovle con actividades municipais de distinto ámbito, presentando carencias de espazos para a organización asistencial ou problemas de accesibilidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCA AXUDAS PARA FINANCIAR A PARADA TEMPORAL DA ACTIVIDADE MARISQUEIRA NOS BANCOS MARISQUEIROS DE FERROL DOTADAS EN 1 M€

- Estes apoios estarán distribuídos en dúas ordes de axuda, unha para o marisqueo a pé e outra para o marisqueo a frote, que serán publicadas no Diario Oficial de Galicia nos vindeiros días
- En total son 124 persoas mariscadoras a pé, 102 tripulantes e 40 embarcacións as potenciais beneficiarias das compensacións económicas pola parada da actividade extractiva nas zonas produtivas
- Esta medida técnica de conservación, que se estendeu desde o 16 de abril ata o 16 de xullo, foi consensuada coas confrarías de Ferrol, Barallobre e Mugardos que o ano pasado comercializaron 182,5 toneladas de bivalvo por valor de 2,2 millóns de euros

O Consello da Xunta deu o visto e praxe á vindeira convocatoria de axudas pola paralización temporal en determinados bancos marisqueiros da ría de Ferrol. A finalidade destes apoios é compensar os efectos da veda establecida desde o 16 de abril ao 16 de xullo como medida técnica de conservación recollida nos plans de xestión conxuntos de moluscos bivalvos a pé, a pé con embarcación auxiliar e desde embarcación en zonas de libre marisqueo e en zonas autorización das confrarías de Ferrol, Barallobre e Mugardos.

Estes apoios, dotados con case 1 millón de euros e cofinanciados polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, estarán distribuídos en dúas ordes de axuda. Unha para o marisqueo a pé e outra para o marisqueo a frote, que serán publicadas no Diario Oficial de Galicia nos vindeiros días. Para o cálculo dos importes aplicarase un baremo baseado nas perdas de ingresos producidas no período de referencia partindo dos ingresos medios nos últimos tres anos, sendo de 102 euros por día para o marisqueo a pé e de 89 euros diarios para o marisqueo a pé con embarcación auxiliar.

Por outra banda, no caso do marisqueo a frote, para as persoas armadoras establécese un importe máximo da axuda por embarcación atendendo ao seu arqueado bruto (GT) e o número de días de lucro cesante a razón de 20,01 euros e 31,73 euros diarios, cun importe mínimo de 134 euros. Para os tripulantes o importe máximo ascenderá a 50 euros por día de paralización. Para obter a condición de persoa beneficiaria en todos os casos deberase acreditar unha actividade extractiva de, cando menos, 120 días nos últimos dous anos, correspondendo como mínimo o 20 % deste período na modalidade de libre marisqueo ou marisqueo na zona VII.

En total son 124 persoas mariscadoras a pé, 102 tripulantes e 40 embarcacións as potenciais beneficiarias das compensacións económicas pola parada da actividade extractiva nas zonas produtivas. Deste xeito, o Goberno galego reforza os apoios ao sector marisqueiro co obxectivo de contribuír a súa sustentabilidade económica e ambiental. Esta actividade ten un papel estratéxico na comunidade xa que ten un

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

destacado papel no ámbito da soberanía alimentaria provendo ao mercado de produtos de excelente calidade e nas mellores condicións de salubridade e rastrexabilidade.

Esta medida técnica de conservación foi consensuada coas confrarías de Ferrol, Barallobre e Mugardos que o ano pasado comercializaron 182,5 toneladas de bivalvo por valor de 2,2 millóns de euros. Unha cifras que destacan a importancia deste sector e a súa contribución a diversificar a economía destas comunidades costeiras xerando emprego e fixando poboación.